

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE
DO 03 DE XUÑO DE 2022**

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2022/00029264Q.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00025123L.

Prórroga do contrato de prestación do servizo de mantemento do Castelo da Rocha Forte.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato subscrito con MARIO CESAR VILA para a prestación do servizo de mantemento do Castelo da Rocha Forte, polo prazo de UN ANO, que se contará a partir do 6 de xuño de 2022.

Segundo.- Comprometer o gasto que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 2100000 PROTECC PATR HCO-ART. REPARAC. MANTEN. E CONSERVAC. INFRAEST, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

- Ano 2022 (60% do orzamento) 16.327,74 €.
- Ano 2023 (40% do orzamento) 10.885,16 €

TOTAL 27.212,90 €

3. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00019571Y.

Aprobación de tarifas de encargos á Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresarias Innovadoras M.P., S.L. (UNINOVA)

Acórdase a:

1. Aprobación das seguintes tarifas calculadas en función da información achegada pola entidade mercantil Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresarias Innovadoras M.P., S.L.

Custes de persoal:

- Persoal técnico con máis de 15 anos de experiencia de xestión: 26 €/hora
- Dirección de proxectos. Persoal cun mínimo de 1 ano de experiencia: 23 €/hora
- Técnica/o de Proxecto: 20 €/hora
- Administrativo/a: 16 €/hora

Custes indirectos:

- Gastos xerais (10% sobre o total do custo de persoal a imputar ao proxecto)

- Dietas: A facturar segundo o establecido para o persoal das administracións públicas, previa autorización da viaxe.

As contías destas tarifas non inclúen IVE.

2. Toda subcontratación de servizos externos efectuada por parte de UNINOVA no marco dunha encarga será trasladada ao poder adxudicador polo importe exacto emitido a UNINOVA por parte da empresa provedora do servizo.
3. A remisión ao BOP Coruña destas tarifas para a súa publicación.